

Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de Lugo para levar a cabo actividades de colaboración no ámbito da protección civil.

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2024

### **REUNIDOS**

De una parte, don Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia, en representación desta consellería, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e nos Decretos 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia.

Doutra, dona Mercedes Paula Alvarelos Fondo, representante do Concello de Lugo, en calidade de Alcaldesa-Presidenta do Concello de Lugo, en virtude da sesión de toma de posesión celebrada na sesión do Pleno da Corporación de data 18 de xaneiro de 2024. Como alcaldesa ostenta a representación do Concello en virtude do disposto no artigo 124.4 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas.

### **EXPOÑEN**

1. Que o Centro de Formación Profesional CIFP As Mercedes de Lugo é un centro educativo público dependente da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e

Formación Profesional, polo que todas as súas ensinanzas teñen carácter oficial. Foi declarado Centro de Excelencia na Formación Profesional, actuando como creador de contorno de innovación, sustentabilidade e emprendemento no ámbito da Formación Profesional, tres eixos transversais fundamentais no novo modelo de FP. Ven mantendo unha estreita colaboración coas empresas da súa contorna, asociacións empresariais e sindicais, centros de formación e entidades do terceiro sector para converterse en motores da innovación. Dentro da súa oferta formativa atópanse identificadas unha serie de áreas funcionais relacionadas co medio ambiente e mantemento, áreas vinculadas a tecnoloxías e solucións que poden ser aplicadas dentro do ámbito da protección civil, dirixida a crear unha contorna máis eficiente na súa operatividade ou no estudo adaptado para a súa posterior aplicación no devandito ámbito.

2. O Concello de Lugo por medio do Departamento de Protección Civil ten a vontade de establecer un diálogo a nivel técnico, operativo e formativo que permita detectar problemas, ofrecer solucións, formación e aplicacións de coñecementos prácticos de novas tecnoloxías e medioambientais que puidesen servir á orientación de evolucións futuras dos seus desenvolvementos cara a solucións máis competitivas e prácticas no ámbito da protección civil.

3. Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional é consciente de que constitúe unha excelente oportunidade para probar o traballo desenvolvido no CIFP As Mercedes no ámbito do medio ambiente, no mando e control de frota de drones, dispositivos robóticos e dispositivos anti-dron, nunha contorna operativa real como é a operativa funcional da protección civil.

Polo exposto, ambas as partes teñen interese en colaborar conxuntamente e acordan subscribir o presente convenio que se rexerá polas seguintes,

## CLÁUSULAS

### **Primeira. Obxecto do convenio**

Este convenio ten por obxecto establecer as condicións que permitan articular a colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de Lugo, a través do Departamento de Protección Civil e o CIFP

As Mercedes, no relativo á práctica para probar os desenvolvementos do centro no ámbito do medio ambiente, no mando e control de frotas de drons, UAS, dispositivos robóticos e dispositivos anti-dron, nunha contorna operativa real, así coma noutras áreas tecnolóxicas nas que o CIFP As Mercedes poida contribuír aos obxectivos do Departamento de Protección Civil e no coñecemento, instrución, adestramento e capacitación no emprego de novas tecnoloxías aplicadas á protección civil.

A colaboración poderá comprender a execución dun ou máis proxectos. En particular, o presente convenio establece a colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a través do CIFP As Mercedes, e o Concello de Lugo, a través do Departamento de Protección Civil para o desenvolvemento das seguintes accións:

a) Intercambiar información que sexa de interese e establecer canles fluídas de comunicación para ambas as partes de acordo ao marco normativo que poida afectar ás mesmas.

b) Integrar dentro da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Lugo ao alumnado do CIFP As Mercedes que voluntariamente queira integrarse como persoal voluntario ou como persoal colaborador de dita agrupación, que se integrará no Grupo Operativo de Drons e Telecomunicacións da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil e desenvolverá, entre outras as funcións de pilotaxe no uso de ditos dispositivos no ámbito das funcionalidades das novas tecnoloxías, en particular en operativas relacionadas coa protección civil e dentro das instrucións e normas de funcionamento do operador que será o departamento de protección civil na categoría segundo proceda. Este alumnado pasará a formar parte do persoal voluntario de protección civil segundo o contido da Lei 5/2007, do 7 de maio, de Emerxencias de Galicia; entre outros os artigos:

*43.3 O persoal voluntario é aquel que, libre e desinteresadamente, se incorpora a entidades ou organizacións públicas ou privadas sen ánimo de lucro, que teñen como fin a protección das persoas, dos bens e do ambiente en situacións definidas nesta lei como situacións de xestión de riscos e de emerxencias.*

*45.2 (...) O persoal voluntario prestará os servizos regulados nesta lei de xeito voluntario, altruísta e gratuíto, sen prexuízo das indemnizacións que se poidan establecer.*

*45.3 Os membros dos grupos operativos terán dereito á cobertura dun seguro de accidentes, enfermidade, invalidez e morte e, de ser o caso, de responsabilidade civil,*

*ademais de aloxamento, manutención e transporte, tanto durante os períodos de formación e prácticas coma durante as misións que se vaian desenvolver ao abeiro desta lei.*

c) Ao dispor o CIFP As Mercedes de materiais, ferramentas, dispositivos dron (con cámara termográfica, óptica e multiespectral), e ter experiencia no uso e manexo dos mesmos, porá dito material a disposición do Grupo Operativo de Drons e Telecomunicacións da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil en operativos de protección civil, tanto en situacións de activación de emerxencias, como emerxencias menores, declaracións de alarma ou en programas preventivos ou formativos que requiran o uso de ditos dispositivos, sempre e cando sexan manexados polos estudantes do CIFP As Mercedes que voluntariamente estean integrados como persoal voluntario ou como persoal colaborador establecido nos artigos 47 e 48 da Lei 5/2007, de 7 de maio, de emerxencias de Galicia. O CIFP As Mercedes asegurarse de que a aeronave pilotada por control remoto (RPA) e os equipos de telecomunicacións que incorpora cumpran coa normativa reguladora das telecomunicacións e o uso de equipos radioeléctricos. Ditos operativos serán previamente acordados na Comisión de Seguimento e sempre que se declarase unha situación de emerxencia segundo o contido do Plan de Emerxencias Municipal de Lugo, sempre e cando estivese dispoñible o persoal voluntario da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil.

d) O CIFP As Mercedes pode probar a idoneidade da ferramentas técnicas, novos dispositivos, materiais, explotacións do concepto de operación «dron» relacionados coas funcións de protección civil para confirmar a súa viabilidade. Operar drons conforme ao concepto «dron» en contornas reais.

e) O Departamento de Protección Civil será o Operador naqueles dispositivos, dron, UAS da súa propiedade.

O CIFP As Mercedes será o Operador naqueles dispositivos drons, UAS, e calquera outra da súa propiedade.

O Departamento de protección civil delimitará o rango de actuación, para as operacións, mando e control dos dispositivos utilizados dentro do ámbito deste convenio, operando na categoría aberta ou específica segundo proceda.

f) O departamento de protección civil subscribirá unha póliza de seguro ou outra garantía financeira que cubra a responsabilidade civil fronte a terceiros polos danos que poidan ocasionarse durante e por causa da execución das operacións aéreas especializadas ou voos experimentais, segundo os límites de cobertura establecidos na normativa de aplicación. Cando se faga uso dos dispositivos UAS propiedade do CIFP As Mercedes, para as actividades propias deste convenio, o Departamento de Protección Civil subscribirá un seguro de responsabilidade civil para ditos dispositivos.

O alumnado do CIFP As Mercedes que se integren voluntariamente na Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Lugo, cando actúen coma voluntarios ou colaboradores dentro da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil, baixo as ordes e instrucións de dito departamento, estarán asegurados segundo o contido do artigo 45.3 da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia:

*Os membros dos grupos operativos terán dereito á cobertura dun seguro de accidentes, enfermidade, invalidez e morte e, no seu caso, de responsabilidade civil, ademais de aloxamento, manutención e transporte, tanto durante os períodos de formación e prácticas como durante as misións para desenvolver ao amparo da presente lei.*

Cando o CIFP As Mercedes, en virtude deste convenio, faga uso do material ou medios do Departamento de Protección Civil do Concello de Lugo, para as actividades propias formativas de dito centro educativo, asumirá a súa responsabilidade por medio dos seus propios seguros escolares e de responsabilidade civil, en dito suposto o Concello de Lugo ou o Departamento de Protección civil do Concello de Lugo non asumirán responsabilidade por ditas actividades.

g) O CIFP As Mercedes poderá integrar no Departamento de Protección Civil diferentes funcionalidades e dispositivos [como drons, dispositivos de localización de vehículos e persoas, cámaras, sensores de detección de drons, detectores de radiofrecuencia e outros dispositivos IoT (rede de obxectos físicos que incorporan sensores para intercambiar datos con outros dispositivos a través de internet)] para conformar a proba de concepto a realizar e a súa viabilidade dentro do concepto de protección civil. Identificar aplicacións viables para o uso de drons conforme á devandita filosofía «dron» nas contornas de seguridade e de apoio á operativa de protección civil, nunha instalación na que ambos os casos de uso estean presentes.

h) A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional impartirá formación ao persoal, voluntarios e colaboradores integrados no concepto de Protección civil do Concello de Lugo. Formación sobre novas tecnoloxías, uso e manexo de drons, novas ferramentas relacionadas co medio ambiente, e calquera outra considerada importante para ás persoas do sistema integrado de protección civil do Concello de Lugo e aquelas outras persoas que colaboren coas devanditas funcións. Esta formación impartirase no CIFP As Mercedes.

### **Segunda. Compromisos económicos**

Os gastos establecidos neste convenio para dotar de medios o furgón do Grupo Operativo de Drons e Telecomunicacións da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil, e as actividades formativas dos voluntarios establecida na cláusula primeira h) serán asumidas polo Concello de Lugo, previa aprobación do gasto proposto.

O resto de actividades para desenvolver este convenio non implicarán ningún compromiso financeiro para o Concello de Lugo, nin para o CIFP As Mercedes.

A comisión de seguimento valorará previamente aquelas actividades que puideran levar aparexado algún custo para algunha das partes, quedando suxeita a súa autorización a aprobación previa do gasto proposto.

### **Terceira. Achegas das partes**

1. O Concello de Lugo por medio do Departamento de Protección Civil, no ámbito da Comisión de Seguimento no desenvolvemento deste convenio, comprométese a:

- a) Facilitar ao CIFP As Mercedes, a través dos medios que se establezan, a información técnica relevante que poida ter incidencia para o desenvolvemento das súas ensinanzas.
- b) Acordar os medios de transporte, loxísticos e instalacións actualmente dispoñibles no Departamento de Protección Civil (sobre os cales se establecerá un inventario ao dispor do presente convenio).

Particularmente por a disposición do CIFP As Mercedes, un furgón do Grupo de Drons e Telecomunicación da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil, sobre o cal o CIFP As Mercedes realizará as adaptacións, montaxes e mantementos necesarios para a súa operatividade e para a posta en marcha dos operativos que se planifiquen de mutuo acordo.

O material de equipamento que sexa necesario para dotar a dito furgón será subministrado polo Departamento de Protección civil, previa aprobación do requirimento feito polo CIFP As Mercedes e aprobación do gasto polo departamento correspondente do Concello de Lugo, segundo se acorde pola Comisión de Seguimento.

Dito furgón unha vez sexa equipado, poderá ser usado polo CIFP As Mercedes para as súas actividades propias educativas. Sempre e cando non sexa usado polo Departamento de Protección civil, ou estivese activada unha alarma ou emerxencia das referidas no Plan de Emerxencias Municipal do Concello de Lugo. Dito Furgón terá a imaxe corporativa utilizada por Protección civil do Concello de Lugo, podendo usar a imaxe corporativa do CIFP As Mercedes cando así o acorden as partes intervenientes neste convenio.

- c) Proporcionar os procedementos e normas de actuación asociadas aos operativos e probas que se acorden para o funcionamento do Grupo de Drons da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Lugo, a través da Comisión de Seguimento do convenio.
- d) Proporcionar a información e formación que se estime necesaria dentro do ámbito da Comisión de Seguimento para a utilización dos medios achegados, a nivel de manual de usuario.

2. A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional a través do CIFP As Mercedes, comprométese a:

- a) Equipar e preparar o furgón segundo as súas posibilidades e as necesidades acordadas na comisión de seguimento.
- b) Formar a seu alumnado para que poidan pilotar as aeronaves cando se precise a súa axuda.
- c) Ter os equipos de voo listos sempre que non haxa causas técnicas ou de outra índole que o imposibiliten.
- d) Comunicar as actividades formativas ou divulgativas que se efectúen fora do centro educativo e fora da zona de voo no aeródromo de Rozas que se emprega para as prácticas.
- e) Organizar a colaboración do alumnado voluntario, sempre que se dispoña do mesmo.

**Cuarta. Confidencialidade da información e da propiedade intelectual ou industrial**

Cada parte manifesta a súa firme intención de manter estritamente protexida e non divulgar a terceiros, nin total nin parcialmente, a información e documentación sensible recibida da outra parte en relación co obxecto e execución deste convenio, nin a usarán, nin a reproducirán, nin total nin parcialmente, sen autorización previa e escrita da outra parte e utilizará dita información exclusivamente para os fins deste convenio. Os datos que sexan intercambiados na execución do presente convenio polas partes, non poderán ser usados para outro destino distinto á execución do obxecto do mesmo.

**Quinta. Non incremento do gasto público**

As medidas incluídas neste convenio serán atendidas coas dispoñibilidades orzamentarias existentes en cada exercicio e cos medios persoais existentes e non poderán supoñer incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

**Sexta. Comisión de seguimento**

Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, á que serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e reunirse cando se considere oportuno por calquera das partes asinantes.

Esta comisión que estará constituída por:

- Dúas persoas representantes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
- Dúas persoas representantes do Concello de Lugo.
- Unha persoa funcionaria da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional que actuará como secretaria.

A presidencia da comisión será rotativa cunha duración anual, comezando a persoa nomeada pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

A persoa secretaria actuará a nomeada polo Concello de Lugo que será substituída pola nomeada pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, e así sucesivamente de maneira anual.

Dita comisión acordará o concernente ao uso dos medios dispoñibles necesarios para a actividade derivada do presente convenio no ámbito definido polo Departamento de Protección Civil para o desenvolvemento da operativa no uso, mando e control de frota de drons, dispositivos robóticos e dispositivos anti-dron, de drons, UAS de acordo

aos procedementos e normas relacionadas coa protección civil, tecnoloxías relacionadas co medio ambiente e outros que así se considere poden ser efectivos no ámbito da protección civil.

Ademais, a comisión terá como funcións facer o seguimento e control do cumprimento do convenio así como interpretar e resolver as dúbidas, que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

#### **Sétima. Vixencia do convenio**

O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá unha vixencia de catro anos, podendo prorrogarse, por acordo das partes mediante a addenda correspondente. Esta addenda terá unha vixencia máxima de catro anos e asinarase antes da finalización do prazo de vixencia do convenio. Non obstante, o convenio poderá denunciarse por calquera das partes; a denuncia deberá realizarse por escrito e con dous meses de antelación á data na que se queira poñer fin á relación entre as partes.

#### **Oitava. Causas de resolución**

O presente convenio resolverase:

- a. Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b. Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- c. Cesamento da actividade do centro docente ou do Concello de Lugo.
- d. Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- e. Mutuo acordo entre as partes asonantes.

#### **Novena. Protección de datos**

De conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, o alumnado, os centros educativos e a empresa que por razón das actividades previstas neste convenio teñan acceso a datos de carácter persoal, non disporán dos mesmos con finalidade distinta á esixida polas accións formativas.

Neste sentido, haberá que atender ao contemplado no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46 CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais que se traten con motivo deste convenio incorporaranse aos Rexistros de Actividades de Tratamento (RAT) das partes intervenientes, coa finalidade de xestionar as relacións descritas no convenio.

#### **Décima. Publicidade, transparencia e bo goberno**

A firma desta addenda suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 9/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

#### **Décimo primeira. Carácter administrativo**

A presente addenda posúe carácter administrativo por razón do contido e materias sobre as que o mesmo versa, as cales ao abeiro do disposto no artigo 4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta lei para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que puideran xurdir na súa aplicación e non puidesen ser solucionadas no seo da comisión de seguimento, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade co exposto, as partes asinan esta addenda na data da súa sinatura dixital.

O conselleiro de Educación, Ciencia,  
Universidades e Formación  
Profesional Román Rodríguez  
González

A alcaldesa-presidenta do  
Concello de Lugo  
Mercedes Paula Alvarellos Fondo